

## NIÑO DO AZOR

O grupo ecoloxista Niño do Azor desenvolve a súa actividade na bisbarra de As Pontes. Durante o presente curso ten como principal obxectivo o traballo nas escolas da localidade e aldeas rurais, para a sensibilización dos rapaces e rapazas, cara a coñecer e protexer a Natureza.

Visitas informativas. Visitas a lugares de interese natural: río Sor, Observatorio de Aves de Estaca de Bares, Colónia de Gueivotas en Esteiro, Ria de Ortigueira, etc. Estas viaxes fan-se en autobús, atinxindo durante o curso a perto de catrocentos rapaces de 7º e 8º cursos.

Marchas a pé, para coñecer o entorno de puntos como as Fervenzas de Somede ou a Area Recreativa do Caneiro, nas que se camiña aproximadamente uns 15 quilómetros.

Exposición Fotográfica. Fotografías referentes a natureza serán expostas na Aula de Cultura. Asimesmo, fará-se unha campaña do "livro da Natureza" que pretende fomentar a lectura e o coñecimento do meio natural entre a xuventude.

Entre outras campañas e actividades do Niño do Azor poderíamos citar o traballo no centro de recuperación de animais feridos, as campañas informativas sobre prevención de incendios forestais, sobre a reciclaxe de papel, ou a recollida de pilas, das que actualmente teñen abarrotados os contenedores. Todo isto acompañado de denuncias de calquera agresión a natureza como vertederos incontrolados, talas de árbores, furtivismo, ou vertidos industriais ao río.

## A CORRENTE

A CORRENTE é un movemento plural que nace no curso 92/93 na Facultade de Bioloxía arredor dun sector de estudantes disconformes coa dinámica dominante (que caracterizamos como socialmente pasota, individualista, competitiva, falta de sensibilidade ecolóxica) e dispostos a traballar en dirección contraria. A iniciativa parte de estudantes, mas está aberta a que se unan persoas doutros estamentos da Facultade.

Os nosos eixos de actuación están en xerar unha actividade cultural permanente en Bioloxía, que traia a debate e coñecimento colectivo a problemática ecolóxica e social variopinta da Galiza, e mesmo temáticas alleias a ésta. Unha intervención no eido

estudiantil que rache coa resignación imperante e coa falta de asociacionismo da xente, que empurre un espírito crítico, insubmisión, etc. é outra das nosas pretensións.

Tamén é unha referencia en común o percurarmos unha galeguización plena (língua e contidos) do ensino e manter unha posición distante cara o "profesionalismo": Creemos que os futuros traballadores biólogos e biólogas deberían refugar mentalidades corporativistas e optar polo compromiso co noso país.

Xá vedes que boas intencións e grandes metas non nos faltan, nen tampouco non andamos escasos de ilusión. Mas será na práctica onde todo isto colla forma e se artele en realidades: A CORRENTE xa ten botado a andar e aglutina a un colectivo numéricamente nada desprezable, vistos os tempos en que vivemos.

Esperamos que esta iniciativa sirva de punto de encontro, debate, xeración de actividades e conscienciación, que fai ben falta.

## XERFA: GRUPO ECOLOXISTA E NATURALISTA

Saúdos. Queremos informar da constitución en Compostela dun novo grupo de xente preocupada e con ganas de traballar, coa vosa axuda, e en contacto cos outros colectivos do país. Esperamos nos mantenedes informados das iniciativas e esforzos nos que podamos contribuir en calquera aspecto

Se tedes interese en coñecer as nosas actividades ou simplemente en porñervos en contactos, escribide a:

XERFA: Apdo. 604

Santiago de Compostela

## CAMPAÑA DE CLASIFICACION, ESTUDO E RECICLAXE DOS RESIDUOS DOMESTICOS

*I.B. Xelmírez I de Compostela*

Recén comenzo este ano 93 xestaba-se no I.B. Xelmírez I de Compostela un proxecto de investigación interdisciplinar promovido por un grupo de profesores de Ciencias Naturais, Etica e Matemáticas diri-

xido a alunos do centro e pais dos mesmos.

Neste proxecto no que se prevé a participación dunhas 55 familias trata-se de:

1º Recoller datos, por parte dos alunos, da cantidade de residuos domésticos que se producen por familia semanalmente.

Pesarian-se, en cada familia, semanalmente, por separado, o papel e o vidro, e diariamente o resto dos residuos. Traeria-se semanalmente o papel ao Instituto para a súa reciclaxe e levaria-se o vidro, igualmente ao fin da semana, a algún dos iglós que ten o Concello esparcidos pola cidade. O resto dos residuos irá aos contenedores do lixo como de costume.

2º Tras varios estudos estatísticos, por parte dos alunos, através destes dados pretende-se, con certa marxe de fiabilidade, extrapolar os resultados ao resto da poboación santiaguesa co fin de facer un estudo acerca do que se tira e do que se podería aforrar a nivel económico pero sobre todo ecolóxico.

3º Estes datos servirán finalmente para promover, através dos meios de comunicación, unha campaña de mentalización da poboación e das autoridades da cidade que concluíra nunha recollida masiva de papel e vidro en toda a cidade.

*Para máis información: Manuel Antonio Fernández. I.B. Xelmírez I. Santiago.*

## ASOCIACION GALEGA PARA A AGROECOLOXIA E O DESENVOLVEMENTO

Unha iniciativa a apoiar. En Lugo un grupo de persoas preocupadas polos efectos da "intensificación e industrialización da agricultura" na degradación ambiental están a estudar a creación dunha asociación que tería entre os seus obxectivos:

- Poñer de manifesto o impacto ecolóxico que se está a producir no agro galego a consecuencia do modelo produtivista seguido nestes últimos anos

- Revalorizar o sistema agrario tradicional galego como base para unha agricultura orgánica evoluida que contribuíra ao desenvolvemento sostíbel e endógeno do meio rural

- Defender as explotacións familiares que manteñan técnicas non agresivas co medio, adaptadas ao seu entorno, consumidoras de recursos locais e non enerxía-intensivas

- Fomentar unha maior vinculación